

ADMISIÓN 2023/2024 CEIP DAS MERCEDDES

Prazo presentación da documentación: do 1 ao 20 de marzo.

Presentar unha única solicitude (ANEXO II ED550B) de admisión no centro elixido como primeiro lugar de preferencia que virá **asinada polos dos proxenitores (agás nos casos de violencia de xénero ou perda da patria potestade).**

Na solicitude poderá indicar ata seis centros na orde de prioridade que desexe. A infracción desta norma (é dicir, a presentación de solicitudes en máis dun centro, ou a presentación de solicitude de admisión tendo presentada solicitude de reserva para o centro de adscrición) determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

Documento que acredite a idade do alumno/a: **DNI ou Libro de Familia (copia e orixinal para cotexar).**

Convenio regulador ou resolución xudicial de divorcio ou separación.

Copia do DNI do pai e da nai do alumno (no caso de non autorizar a consulta dos datos de identidade á Consellería de Educación).

No caso de ter que baremar o prazo para presentar a documentación será de **10 días hábiles a partir do 21 de marzo.**

Publicación das listaxes de admitidos e non admitidos: **25 de abril.**

Reclamación ás listaxes provisionais: **5 días hábiles a partir do día seguinte da publicación desas listaxes.**

Publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos: **15 de maio.**

Reclamación á listaxe definitiva: **1 mes para interpoñer recurso de alzada ante a Xefatura Territorial a contar dende o día seguinte a súa publicación.**

Formalización da matrícula: **do 20 ao 30 de xuño.**

Recoller e entregar a documentación:

Poderán recoller o formulario Anexo II (modelo ED550B) gratuitamente no centro educativo e entregándoo no centro solicitado en primeiro lugar.

Descargando a solicitude da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, na dirección <http://www.xunta.es/portada> , e da páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, na dirección:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/escolarizacioneadmision> e entregándoo no centro solicitado en primeiro lugar.

Entregándoa a través da sede electrónica da Xunta de Galicia a través da aplicación web “admisionalumnado”

<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>

LEXISLACIÓN

- **[DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de b](#)**
- **[ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil,](#)**